

## OITAVA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

## NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2017 e ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2018, podendo prorrogarse devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

## DECIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:


- O incumplimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

## UNDECIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 1254 de 16 de xaneiro de 2017.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E  
EQUIPAMENTO  
  
Asdo.: XESÚS SOTO VIVERO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CAPELA  
  
Asdo.: MANUEL MEIZOSO LÓPEZ



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 13/2017

## CONCELLO DE A CAPELA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

Na Coruña o 2 de marzo de 2017

## REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada polo número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Manuel Meizoso López Alcalde-Presidente do Concello da CAPELA

## EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación , rehabilitación , musealización e posta en valor do Mosteiro de Caaveiro.

2.- O concello da CAPELA leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Mosteiro de Caaveiro, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e fazer mais cercano o patrimonio á xente.

3.- O Concello de A CAPELA quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do Mosteiro de Caaveiro

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da CAPELA acordan subscribir o presente convenio, segun as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMERA: OBJETO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da CAPELA, CIF: P-1501800-E por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello da CAPELA , OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO NO ANO 2017

### SEGUNDA: OBRIGACIÓN DO CONCELLO DE A CAPELA.

#### ATENCIÓN DE VISITANTES

Organización e supervisión dun servizo cualificado de atención a visitantes que permita, dun xeito controlado, converter o Mosteiro de Caaveiro e o seu entorno natural nun enclave turístico nacional, aumentando o número de visitantes e a cantidade e calidade da información que se lles transmite aos mesmos.

#### II ENCONTRO COA HISTORIA – A ORIXE

Organización dun evento de ambientación escénica no que se recrearán pasaxes da súa historia na súa etapa inicial, ofrecendo outros actos paralelos de entretemento e divulgación cultural, artística e etnográfica, que propicien a difusión da historia do Mosteiro recreando un viaxe no tempo que faga do Mosteiro de Caaveiro un lugar vivo e activo, no que os visitantes poidan sentirse parte desa historia.

O evento podería incluir estas accións na súa programación:

- Recreación da vida no Mosteiro na primeria etapa da súa historia.
- Exposición de mobiliario e obxectos decorativos antigos, procurando a súa similitude cos existentes na época a recrear.
- Exposición e comercialización de produtos autóctonos: queixo, queixo, mel, grelos...
- Visita teatralizada ao Mosteiro

## II NOITE NO MOSTEIRO

Un evento especialmente planificado para poñer en valor a beleza e a arquitectura do Mosteiro, destacándoo como elemento representativo de A Capela, e divulgar outro dos acenos de identidade de Galicia: a nosa música e o noso folclore.

O grande éxito da primeira edición, que permitiu disfrutar dunha estampa do mosteiro coma nunca antes fora vista, levaríanos nesta segunda edición a dar unha volta de torca más ampliando a espectacularidade do mesmo. De xeito previo e paralelo á iluminación, poderíanse incluír as seguintes accións na súa programación:

- Concertos de música folc ou música monacal
- Animación
- Exposición e comercialización de produtos autóctonos: queixo, queixo, mel, grelos...

O evento terá o punto álxido durante a noite, cando o Mosteiro se iluminará con focos led programables de cores nunha estampa única e sorprendente. Nesta edición aumentaranse os elementos e aplicaránse novas programacións de secuencias.

A iluminación escénica irá acompañada dun espectáculo musical.

## II TRAIL MOSTEIRO DE CAAVEIRO

Organización da segunda edición desta competición deportiva con percorrido por diversos puntos do Concello incluíndo sendeiros das Fragas do Eume, e con punto de paso obrigado polo Mosteiro de Caaveiro.

## II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Fixando como temática as Fragas do Eume e o Mosteiro de Caaveiro, o Concurso de Fotografía ademais da vertente claramente divulgativa, servirá para dotar a Concello e Deputación dun fondo gráfico para poder ser empregado en multitud de soportes e formatos tendo que ser aprobadas previamente as Bases do Concurso pola Deputación.

## TERCEIRA: ATENCION DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto de Contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algúna coa Excma. Deputación provincial da Coruña.

O calendario inicialmente previsto de atención sería o seguinte:

- SEMANA SANTA: período comprendido entre o 8 ó 16 de abril de 2017  
Días: tódolos días da semana, incluidos domingos e festivos.  
Horario: de 11:00 a 19:00 horas
- TEMPADA DE PRIMAVERA: período comprendido entre o martes posterior á Semana Santa e o 30 de Xuño , ambos inclusive.  
Días: venres, sábados, domingos e festivos.  
Horario: de 11:00 a 18:00 h
- TEMPADA DE VERÁN: período comprendido entre o 1 de Xullo e o 15 de Setembro, ambos inclusive.  
Días: tódolos días da semana, incluso domingos e festivos.  
Horario: de 10:30 a 14:00 h, e de 16:00 a 20:00 h
- TEMPADA OUTONO-INVERNO: período comprendido entre o 16 de setembro e a semana Santa.  
Días: Venres, sábados, domingos e festivos.  
Horario: de 11:00 a 19:00 h

Ao marxe desta planificación, o Concello da Capela poderá dispor días e horas adicionais de atención ao público en función dos eventos ou accións que se planifiquen para a promoción turística e histórica do Mosteiro.

## CUARTA: OBRIGACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de A CAPELA a cantidad de 70.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017 , con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3361/22609 e con arranxo ó seguinte desglose:

- Atención de visitantes: 28.000 euros
- Resto de actividades: 42.000 euros

TOTAL: 70.000 euros

(\*) Outros eventos e accións relacionadas directamente coa atención, promoción turística e divulgación do Mosteiro de Caaveiro, que deberán ser documentalmente xustificadas.

## QUINTA: DISPOSICIÓN COMÚN:

O Concello de A CAPELA fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., a financiación da Deputación Provincial da Coruña

## SEXTA. FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello da Capela a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello da Capela.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello da Capela deberá presentar certificación de estar ao corrente das obligacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obligacións fiscales coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbase.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concordancia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

## SETIMA SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspecionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Mosteiro de Caaveiro non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de A CAPELA traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.